

## **ACORDO POLÍTICO ENTRE O GOBERNO LOCAL (PSdeG-PSOE) E O GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A APROBACIÓN DO PROXECTO DO ORZAMENTO DO CONCELLO DA CORUÑA PARA O ANO 2024**

O Goberno local da Coruña (**PSdeG-PSOE**) e o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a partir das respectivas análises levadas a cabo das necesidades sociais e económicas da cidade da Coruña, alcanzan un **ACORDO POLÍTICO PARA A APROBACIÓN DUN PROXECTO DE ORZAMENTOS PARA O ANO 2024** baseado nos seguintes eixes:

- A dinamización económica da cidade, dando prioridade á humanización e á revitalización dos barrios, incrementando o investimento e apostando pola innovación para crear emprego de calidade.
- O benestar social e a igualdade de oportunidades, fortalecendo os servizos públicos municipais e as prestacións, para facer fronte ás consecuencias sociais da actual crise de prezos e coa fin de evitar situacións de exclusión. As políticas de vivenda constitúen unha prioridade.
- A mobilidade sostible e unha cidade accesible, na que as persoas ocupen o centro das políticas públicas.
- A promoción da cidade e o fomento da cultura, do turismo, do deporte e da divulgación científica.

## **PLANIFICACIÓN URBANA, REXENERACIÓN E REVITALIZACIÓN DOS BARRIOS**

### **PLAN DE HUMANIZACIÓN E INVESTIMENTOS NOS BARRIOS DA CIDADE**

Para este Plan establécense os seguintes obxectivos xenéricos de carácter prioritario:

- Humanización do espazo público, mellorando a calidade e a accesibilidade do espazo urbano.
- Mellora e mantemento dos espazos sociocomunitarios e dotación de novas infraestruturas e equipamentos.

A maiores, figuran tamén estes outros obxectivos a cumprir:

- Incremento e mellora das prazas e corredores peonís, zonas verdes e espazos de xogos e lecer.
- Reforzo e mellora da correcta limpeza e do mantemento de rúas, prazas e zonas verdes e posta en práctica dunha solución fronte á proliferación de fincas en estado de abandono.
- Impulso á rehabilitación integral dos barrios e dos grupos de vivendas en proceso de degradación.

## ACTUACIONES ESPECÍFICAS NOS BARRIOS:

Posta en marcha dun “**Plan de Humanizacións e Accesibilidade**”, que recollerá **actuacións singulares en todos os barrios da cidade.**

Destacan, entre as moitas actuacións que se acometerán no ano 2024 e seguintes, estas accións:

- ✚ Darémolles un impulso definitivo ao novo barrio de **XUXÁN**, con diferentes actuacións que permitirán a finalización das obras de urbanización, ao tempo que se promoverá vivenda pública, coa construción dun edificio de 50 vivendas de protección oficial.

Coa idea de dotar de servizos e infraestruturas de convivencia ao barrio, recóllese tamén a **redacción dun proxecto** para crear un espazo interxeracional que quede configurado como un punto de encontro para a veciñanza. De igual xeito, este acordo permitirá dotar o barrio dunha **pista deportiva polivalente**, que complementa outras áreas dedicadas ao deporte que xa temos na cidade.

- ✚ No barrio da **AGRA DO ORZÁN** apostamos por poñer en marcha o Parque do Observatorio, cunha primeira fase que recollerá o **derrubamento dos muros da Canceliña e da rúa Páramo**. Compartimos a aspiración de dotar a este barrio dun espazo verde que permita oxixenar a área con maior densidade de poboación do noso concello e traballaremos para facer realidade esa aspiración da veciñanza.

✚ No barrio de **MONTE ALTO** daremoslle un importante impulso ao **Parque do Vixía**, cunha primeira fase orzada para o 2024 e anos seguintes. Tamén nos comprometemos a traballar na **reurbanización da Vereda do Polvorín** e a asumir o **acondicionamento das Cocheiras** para que poidan habilitarse como aparcadoiro.

Acometerase tamén a **rehabilitación e adxudicación dos locais da Bágoa de San Roque**, mellorando un espazo singular que precisa desde hai moito tempo dunha actuación integral de recuperación.

✚ No barrio dos **MALLOS-SAGRADA FAMILIA** afrontaremos a **humanización e peonalización da rúa Sagrada Familia**, que forma parte do proxecto da Rolda Peonil da Cidade. Tamén abordaremos o acondicionamento da pista polideportiva para a Cociña Económica, así como a **ampliación da Biblioteca**.

✚ No barrio do **VENTORRILLO** impulsaremos o proxecto de Rehabilitación das Casas da ARRU do Ventorrillo, a reforma do parque infantil próximo á escola infantil e a reparación do *skate park*.

✚ No barrio da **GAITEIRA-OS CASTROS**, estudaremos neste mandato municipal 2023-2027 a restauración e posta en valor da antiga Casa do Concello de Oza. Tamén asumiremos o **desenvolvemento dun Plan de accesibilidade (ascensor e escaleiras mecánicas) entre o número 140 da avenida de Oza e o 61 da rúa da Mercé**, para o cal o proxecto de orzamentos do 2024 consigna fondos para a redacción do proxecto. Ao mesmo tempo, impulsaremos a **rehabilitación do Parque Europa** e buscaremos unha solución para a cuberta do Fórum Metropolitano, que precisa dunha actuación de mellora.

- ✚ No barrio do **CASTRILLÓN** abordaremos o **acondicionamento do espazo público entre Hernánsaez e a praza da Concordia**, humanizando unha zona degradada, que se converterá nunha área saudable para a veciñanza.

O proxecto de orzamentos do 2024 tamén inclúe a redacción dun proxecto para a mellora da **accesibilidade ao Centro de Saúde Monte das Moas**, respondendo a unha vella demanda cidadá, que terá que completarse cos investimentos necesarios cando se dispoña do proxecto e da solución técnica máis acaída.

Tamén se acometerá a **mellora da seguridade e humanización** do entroncamento da avenida da Concordia coa rúa Miramar Castrillón.

- ✚ No **BARRIO DAS FLORES** con este orzamento para o ano 2024 impulsaremos o **Plan Director de Rehabilitación Integrada do Barrio da Flores**, que tamén suporá a posta en marcha da Oficina de Rehabilitación, a aplicación dos fondos europeos para a recuperación de espazos e edificios e varias accións de humanizacións e saneamento dese ámbito. **Así mesmo, estudaranse as alternativas para dotar o barrio de locais para actividades veciñais e unha ludoteca.**

- ✚ En **NOVO MESOIRO** poremos en marcha o proceso para dotar a este barrio dunha **biblioteca pública e da creación dun espazo para o lecer xuvenil**. Así, incluíranse no orzamento os fondos necesarios para a redacción do proxecto e tamén para o investimento correspondente ao ano 2024 e aos sucesivos exercicios nos que se desenvolverá a actuación.

✚ No **BARRIO DOS ROSAIS** acometerase a **finalización do Camiño do Cura** e traballarase para propiciar o **ensanche das beirarrúas da rúa Simón Bolívar**.

✚ En **EIRÍS** faranse actuacións de **mellora no lugar da Lamadosa**, así como a **apertura da rúa Terranova de Eirís á avenida de Monelos**. Ao mesmo tempo, tamén se completará a **instalación da rede de saneamento en Eirís**.

Redactarase un **proxecto para o arranxo e protección das ruínas do Castelo de Eirís** (Forte de Valparaíso).

✚ No barrio de **PALAVEA**, impulsaremos a creación dun **parque infantil en Santa Xema**, para o cal se redactará o proxecto no ano 2024, dentro dun ambicioso Plan de Parques Infantís. Abordarase a **renovación e ampliación do parque biosaudable da praza Padre Busto**.

Estudarase a humanización da rúa do santuario de Santa Xema e a creación dunha zona de aparcadoiro público e área verde diante da Residencia Bellolar.

Transformarase o mercado de Palavea, en desuso na actualidade, e farase unha **Biblioteca e Aula de Informática**, o que suporá unha importante mellora dos equipamentos do barrio.

- ✚ No barrio de **ELVIÑA**, afrontaremos o remate das obras no núcleo de Elviña, así como a extensión da plataforma única na calzada do barrio e a instalación de medidas de calmado de tráfico. Tamén abordaremos o **saneamento e humanización**.

Impulsaremos así mesmo o **Plan de dinamización e protección do Castro de Elviña**.

- ✚ Nos barrios do **BIRLOQUE, O MARTINETE, SOMESO E MESOIRO VELLO** centraremos os esforzos no **impulso do Parque de Monte Martelo**, para o cal se redactará o correspondente proxecto, co obxecto de presentar unha boa proposta a diferentes convocatorias de subvencións públicas.

Abordaremos o proceso de **mellora da calidade do espazo urbano no Sector 7- Recinto Feiral**, amplamente demandado pola veciñanza e que terá reflexo no orzamento. De igual xeito, incluiremos a **reforma e acondicionamento do carril bici entre a avenida de Glasgow e o Campus de Elviña**.

Impulsaremos tamén a **creación dun parque infantil no barrio**, así como a instalación dunha marquesiña na parada da estrada de Mesoiro, 90.

- ✚ **NA SILVA-CANCES** iniciaremos un **proceso para crear un parque de especies autóctonas** no monte Rancheiro-Penamoa-Comeanda. Tamén se acometerá o **asfaltado das rúas Abenela, Silva, Cances e As Regas (A Moura)**.

- ✚ No ámbito de **VISMA-O PORTIÑO** apostamos por acometer a **reparación do Centro Cívico** con diferentes actuacións de mellora. Impulsaremos a execución dunha **senda peonil** en condicións entre Visma e O Portiño. Así mesmo, **melloraremos a comunicación interna na rúa Barral.**
  
- ✚ En **LABAÑOU** incluiremos a redacción do proxecto para a **humanización da rúa Perú.**
  
- ✚ Na **Urbanización Breogán**, acometeremos a **canalización das augas pluviais na rúa Félix Rodríguez de la Fuente** e en **FEÁNS** estudarase a posible **creación dun Museo Etnográfico.**
  
- ✚ As contas incluirán tamén os créditos precisos para iniciar as obras no **mercado de Santa Lucía e rematar na CIDADE VELLA** coa **restauración da Casa da Veeduría.** Reurbanizarase tamén a rúa **Ponte, incluída na Rolda Peonil.**



## VIVENDA

En materia de vivenda incluímos un **PLAN DE VIVENDA** que permitirá:

**A) A construción de máis de 4.000 vivendas no período 2024-2030 co desenvolvemento urbanístico dos polígonos con vivenda de protección. Axilización de licenzas.**

**B) A promoción de vivenda en alugueiro (obxectivo: 500 vivendas) a prezo taxado e controlado polo Concello, a través de concursos con cesión de solo para a construción de vivenda en alugueiro.**

**C) Continuación do Plan Especial de Ruínas, con poxa forzosa e aposta pola rehabilitación de vivendas.**

Dentro do Plan de Vivenda 2024-2030 inclúese **converter a empresa pública EMVSA nunha verdadeira empresa de vivenda, que teña como prioridade o fin para o que foi creada.**

Nesta liña aumentarase a partida da **bolsa de vivendas de EMVSA** para a ampliación das potenciais persoas destinatarias.

Ao mesmo tempo, porase en marcha un **programa de asesoramento de persoas inquilinas**. Tamén se elaborarán un **inventario de edificios e soares abandonados** e un **plan específico para os edificios en ruínas**.

Realizarase un **estudo do parque inmobiliario da cidade** co obxecto de coñecer polo miúdo as diferentes realidades cívicas e as dificultades do acceso á vivenda.

Apostarase pola cesión dun espazo ou varios para desenvolver o modelo de vivendas en réxime de alugueiro en cesión de uso, para ofertar en alugueiro a prezo taxado e mobilizar co mesmo fin os soares de titularidade municipal existentes en diferentes polígonos da cidade.

Tamén se asumirá a construción de vivenda pública para o alugueiro, comezando pola concreción do proxecto de construción de 50 vivendas en Xuxán. Impulso á rehabilitación e recollida de liñas de axuda á renovación e instalación de ascensores e outras solucións aos problemas de accesibilidade.

## MOBILIDADE

O proxecto de orzamento incluírá a dotación necesaria para levar a cabo o estudo do modelo de xestión, dos eventuais pregos e da ampliación de horarios e intensificación das frecuencias do servizo de transporte público urbano ante o remate da **concesión do servizo de autobuses** no 2024.

Inclúese tamén a elaboración dun novo **Plan de Mobilidade Urbana**, así como o estudo necesario para a construción de aparcadoiros na contorna da cidade conectados co autobús urbano.

Recollemos tamén o desenvolvemento dun **Plan de accesibilidade universal** e a **mellora do servizo de Bicicoruña** en canto á cobertura e distribución das bicicletas nos puntos da cidade onde se precisan.

## DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

O proxecto de orzamento prevé a elaboración dun **Plan estratéxico da Coruña 2025-2050** e tamén incluírá o fomento e a diversificación da industria na cidade.

Proxectarase un estudo para a elaboración do **Plan de Promoción Internacional da Cidade – Marca A Coruña**.

Impulsaranse os proxectos formativos como Coruña Suma para facilitar a empregabilidade e responder ás demandas das empresas asentadas na cidade. Ofertaranse os servizos de canguraxe para os pais e nais que teñan que acudir a actividades de formación para o emprego.

Reforzo da aposta polo aeroporto de Alvedro co obxectivo de conseguir o incremento das conexións con novos destinos. Tamén se incluírán as dotacións necesarias para o establecemento dun premio ás boas prácticas das PEMES en materia de conciliación.

### **Medidas específicas destinadas á reactivación do tecido comercial e da hostalería**

Neste ámbito apostaremos por **promover o uso de baixos en réxime de alugueiro co desenvolvemento previo dun inventario de baixos comerciais baleiros na cidade**.

Realizaranse **campañas de consumo no comercio local** e crearemos unha **imaxe de marca que contribúa á posta en valor da calidade do noso produto e da nosa gastronomía**. Tamén se estudará a posibilidade de crear unha Taxa Amazon para os grandes distribuidores.

## LINGUA

Dotaranse as partidas necesarias para a **elaboración do Plan de Normalización Lingüística** recollido no artigo 23 da Ordenanza municipal reguladora de uso da lingua galega no Concello da Coruña.

Implantaranse **campañas de fomento do uso do galego** entre a mocidade e a infancia.

Desenvolvemento dos seguintes obxectivos específicos en materia de normalización lingüística:

- Progresiva galeguización das placas que dan nome ás rúas.
- Revisión das denominacións das rúas e dos lugares no padrón municipal e servizos informáticos do Concello para a súa adecuación ao artigo 10 da Lei de Normalización Lingüística e ao disposto na Ordenanza municipal.
- Restitución e divulgación da microtoponimia do termo municipal.
- Progresiva inclusión da lingua galega e, onde sexa o caso, do nome oficial da cidade, na sinalización de edificios municipais, equipamentos, materiais, vestiario e parque móbil.

## SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E PARTICIPACIÓN

O Concello da Coruña incrementará o orzamento dedicado á dependencia, cunha aposta clara e decidida pola mellora do **Servizo de Axuda no Fogar (SAF)**, reforzando os recursos económicos destinados a tal fin. Aumentaranse tamén as **bolsas comedor** destinadas ás familias e manteranse programas como o **bonotaxi**, o **talón restaurante** ou o programa de **canguraxe**, coa idea de fortalecer A Coruña como unha cidade que favorece a **conciliación** da vida laboral e familiar.

**Así mesmo, a respecto do bonotaxi habilitaranse modelos de pagamento axeitados ás características dos seus potenciais beneficiarios; estudarase a posta en marcha dunha tarxeta moedeiro de axudas e prestacións sociais. Tamén se porá en marcha un programa de cohabitación para as persoas maiores que viven soas.**

De igual xeito, potenciaranse todos os servizos sociais municipais, co incremento do seu cadro de persoal a través do **Programa de reforzo dos servizos públicos**.

As dotacións para a **Renda Social Municipal e a Emerxencia Social** seguirán sendo elevadas, a fin de poder atender a demanda e as necesidades sociais de emerxencia, revisándose no terceiro trimestre do ano o grao de execución das partidas destinadas a tal fin.

Comezaremos a redacción do **Plan de Inclusión Social** e a súa implantación. Ao mesmo tempo, habilitarase a dotación económica necesaria para sufragar os programas cos que se fai fronte aos problemas de convivencia e de drogadicción. **Con tal finalidade impulsarase a posta en marcha de equipos multidisciplinares de rúa para atender problemas de convivencia e de drogadicción.**

Impulsaremos o **Plan de Saúde Mental** e a súa implantación.

Darase continuidade á posta en marcha do **Servizo Municipal de Mediación**, co obxecto de reducir a litixiosidade en asuntos que afecten as actuacións municipais e as empresas, así como de mellorar a xestión municipal.

## **INFANCIA E MOCIDADE**

Impulsaremos un proxecto piloto para crear espazos públicos cubertos destinados á infancia nos distintos barrios da cidade, no marco dun **PLAN DE PARQUES INFANTÍIS.**

Elaboraremos un plan para habilitar espazos públicos destinados á mocidade nos distintos barrios da cidade prevendo, así mesmo, a posta en marcha de zonas cubertas.

## MEDIO AMBIENTE

Os orzamentos incorporarán a dotación necesaria para facer viable a **licitación da Planta de Nostián**, integrando no anteproxecto as medidas precisas para a redución do rexeitamento e o cumprimento dos obxectivos europeos de tratamento en materia de residuos sólidos urbanos. O obxectivo que se persegue reside nunha drástica redución da porcentaxe de refugallos e o seu tratamento co menor impacto ambiental, dando prioridade sempre ao respecto dos dereitos laborais das traballadoras e dos traballadores.

A través da empresa municipal EMALCSA abordarase a **elaboración dun Plan metropolitano de xestión do ciclo da auga**, co obxectivo de incentivar o aforro e un mellor aproveitamento dos recursos hídricos.

Faranse **campañas de sensibilización** para favorecer a redución, reciclaxe e reutilización dos recursos hídricos e tamén se abordará a **realización de campañas de tenza responsable de animais de compañía**.

Igualmente, habilitarase a dotación económica necesaria para a **posta en marcha dun Plan de erradicación de especies exóticas invasoras** e farase un **estudo da situación e estado das árbores da cidade**.

As contas do 2024 recollen tamén a **reforma e rexeneración do Parque de Santa Margarida**, cunha segunda fase de ampliación da superficie de zonas verdes e mellora do seu coidado e mantemento.



De igual xeito, impulsarase **un grande corredor verde, seguindo o curso do río Monelos**, que mellore a convivencia da cidade consolidada coa súa contorna rural e rururbana, e que permita conectar e poñer en valor os distintos núcleos rurais dos arredores da Coruña (**Parque río Monelos-Monte Martelo**).

Nesta liña tamén se acometerá **un Plan de mellora das áreas caninas e o acondicionamento da cala de Bens**.

## EDUCACIÓN

A Xunta de Galicia debe asumir os custos de mantemento dos centros educativos así como o persoal de conserxaría dos mesmos. O Concello da Coruña seguirá a facer **un esforzo moi notable** ao dedicar unha dotación importante do Orzamento para o **mantemento dos centros educativos**. Existe unha evidente responsabilidade da Xunta de Galicia, que segue incumprindo o Pacto Local asinado en 2006 entre a FEGAMP e a Administración autonómica.

**Desenvolveranse programas de educación sexual, educación na igualdade e prevención de adicións a través de Coruña Educa.**

## CULTURA

Os orzamentos incluirán un **PLAN DE MELLORAS DOS RECINTOS CULTURAI E CIENTÍFICOS (1ª FASE)**. Así mesmo, incrementaranse os **fondos para o Instituto José Cornide**.

Apostamos tamén pola creación dun censo de artistas locais, cunha liña de axudas específica.

Na mesma liña, faremos unha **convocatoria de bolsas de creación artística para artistas individuais de cuxos resultados se poida nutrir logo a programación cultural da cidade**.

Impulsaremos as **axudas económicas cuxas beneficiarias e beneficiarios sexan as creadoras e creadores locais**, nas diferentes disciplinas artísticas, **a cambio, por unha banda, de que abran os seus estudos, lugares de ensaio ou de creación e, por outra, de que leven a cabo unha programación anual aberta ao público.**

**Potenciaremos a Banda de Música Municipal**, completando o seu cadro de persoal e a ampliación do espazo de ensaio.

Refórzase tamén a Rede de bibliotecas municipais co incremento do crédito destinado ao contrato de servizos bibliotecarios. Habilítase dotación necesaria coa perspectiva de proporcionarlle unha **biblioteca municipal ao barrio de Novo Mesoiro e outra ao barrio de Palavea**, para proceder a efectuar **reparacións nas bibliotecas do Castrillón e Rosais**, para a creación dunha **Biblioteca Virtual** e para o incremento dos fondos destinados á adquisición de libros e xornais para as bibliotecas.

Traballaremos para **habilitar os baixos lindeiros coa Biblioteca Municipal da Sagrada Familia** co obxecto de poñelos a disposición do espazo “A Eira” e desenvolver o proxecto de innovación bibliotecaria e participación cidadá a el vencellado.

Reforzaremos o fomento da lectura coa posta en marcha de **campañas de promoción da lectura e potenciaremos a Semana e a Festa do Libro**. Tamén melloraremos a dotación para o fomento das artes escénicas e para o inicio dos estudos encamiñados á posta en marcha dunha **Escola Municipal de Teatro**. Integración na programación municipal do teatro amador.

Facilitarase o acceso aos locais de titularidade municipais de creadores/as, entidades culturais, grupos de teatro amador e outros axentes culturais.

## DEPORTE

- **Incremento da dotación para asegurar o mantemento e a realización das obras de reforma e mellora necesarias nas piscinas municipais e no resto dos complexos deportivos municipais**, así como a correcta prestación do servizo.
- **Mellora da Cidade Deportiva da Torre Arsenio Iglesias.**
- **Dotación para o servizo de monitores/as deportivos/as e conserxaría das instalacións deportivas municipais**, co obxectivo de asegurar a correcta prestación do servizo e o cumprimento das novas condicións salariais acordadas no convenio laboral.
- Dotación orzamentaria necesaria para a elaboración dun **Plan Director de Instalacións Deportivas**, co obxectivo de analizar as necesidades e de incrementar e mellorar as infraestruturas dedicadas á práctica do deporte.

Entre outros, atenderanse aos seguintes obxectivos:

- ✓ Resolver a carencia de instalacións municipais de atletismo aptas para a práctica das distintas modalidades e dun módulo cuberto de atletismo e lanzamentos.
- ✓ Habilitar espazos deportivos cubertos multifuncionais para dar resposta ás distintas demandas.
- ✓ Realizar xestións diante das administracións correspondentes para abrir as instalacións deportivas dos CEIP e dos IES fóra do horario lectivo para a práctica da actividade deportiva dos barrios e da veciñanza en xeral.

- ✓ Fomentar a creación de espazos no medio natural da cidade que permitan a práctica de exercicio físico con seguridade, mediante a sinalización de camiños tradicionais que permitan facer sendeirismo, ciclismo, carreiras...
- ✓ Habilitación de espazos no ámbito urbano para a práctica deportiva (deportes urbanos, como o *skate*; e outros deportes, como o baloncesto).

## OUTRAS ACTUACIÓN S NO ÁMBITO MUNICIPAL

- Prever unha nova dotación de capital a EMVSA para facer fronte ás encomendas do Concello.
- Realización dun inventario de locais de propiedade municipal.
- **Programa de Reforzo dos Servizos Públicos**, onde se dea prioridade á atención personalizada.
- Resolverase á maior brevidade posible a situación dos servizos municipais que se seguen a prestar en precario procedendo, segundo os casos, á licitación dos novos contratos ou a adoptar as decisións necesarias para a súa prestación directa por parte do Concello (complexos deportivos de San Diego e do Castrillón, piscina de Santo Amaro, etcétera).

## PROPOSTAS FISCAIS

**Os incrementos nos tributos e taxas municipais son imprescindibles para poder asumir o elevado custo dos servizos municipais e nesa liña acordouse unha leve subida do 3%.**

**Entre as propostas fiscais que forman parte deste acordo figuran:**

- Revisión das taxas das vivendas de uso turístico.
- Establecemento dunha “Taxa Amazon”.
- Revisión e cobro das taxas por terrazas.
- Estudo do establecemento de gravames por vivendas que permanecen longo tempo baleiras sen poñerse en venda ou ofertarse en réxime de alugueiro.
- Estudo do establecemento de gravames por soares que permanecen longo tempo en estado de abandono.
- Estudo do establecemento de gravames para baixos desocupados que permanecen longo tempo sen ofertarse.

## ACORDOS EXTRAORZAMENTARIOS VENCELLADOS AOS ORZAMENTOS

- Dinamizar a constitución e posta en marcha dos traballos do Consello Económico e Social, concibido como un marco de diálogo e consulta permanente cos axentes sociais.
- Convocatoria do Consello de Inclusión Social, do Consello Local de Saúde e dos seus grupos de traballo; da Xunta de Goberno do Consorcio de Turismo e Congresos, do Consello Reitor do IMCE, da Xunta de Goberno do Consorcio para a Promoción da Música, da Comisión Especial de Bibliotecas.
- Regulación das Vivendas de Uso Turístico.
- Desenvolvemento dun Regulamento de acceso aos locais municipais por parte do tecido social da cidade.
- Esixencia ás empresas que xestionan o SAF da contratación de segundas/os auxiliares.

## APLICACIÓN DO ACORDO DE INVESTIDURA

- ❖ Nos vindeiros meses abordarase a regulación das concesións municipais, dando conta tamén de todas as medidas adoptadas para o correcto funcionamento das concesionarias de servizos, nomeadamente as vinculadas cos servizos de limpeza e recollida do lixo.
- ❖ Impulso á creación da Área Metropolitana e esixencia e liderado para a creación da Autoridade Única de Transportes da Área da Coruña.
- ❖ Impulso por parte do Concello dunha solución interinstitucional para a xestión dos terreos portuarios, da proposta dun novo convenio e da esixencia da condonación da débeda da Autoridade Portuaria derivada da construción do Porto Exterior.
- ❖ Creación en 2024 do Consello Económico e Social.
- ❖ Posta en marcha do Consello Municipal da Cultura e desenvolvemento do Consello Municipal de Cultura.
- ❖ Convocatoria da comisión que analice o proceso de internalización das bibliotecas.
- ❖ Presentación da demanda da Casa Cornide.
- ❖ Inicio dos procedementos de retirada de honras e distincións (incluídas rúas/bustos) a persoas involucradas no Golpe de Estado de 1936, na represión franquista e na Ditadura: aplicación da Lei de Memoria Democrática.





- ❖ Esixencia firme ao Estado de políticas concretas para o aumento do parque público de vivenda na cidade da Coruña: terreos de Defensa e SAREB.
  
- ❖ Inicio dunha nova negociación sobre o antigo cárcere da Coruña.
  
- ❖ Solicitude ao Goberno Central da devolución ou da cesión ao Concello dos terreos e instalacións da súa titularidade actualmente en desuso ou infrautilizados.

A Coruña. a 24 de novembro de 2023

**Inés Rey García**  
**Alcaldesa da Coruña**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**  
**Voceiro do Grupo Municipal do BNG**